

PROGRAMACIÓN DOCENTE  
**INTRODUCCIÓN AL PENSAMIENTO  
 FILOSÓFICO CONTEMPORÁNEO**

**Curso 2019-2020**

**ESQUEMA XERAL**

- I. Datos descritivos da materia
- II. Contexto da materia
- III. Obxectivos xerais
- IV. Adquisición de destrezas e habilidades
- V. Volume de traballo
- VI. Distribución de contidos: teóricos e prácticos
- VII. Metodoloxía docente
- VIII. Avaliación da aprendizaxe
- IX. Observacións

**I.- DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA**

Nome da materia	<b>Introducción al pensamiento filosófico contemporáneo</b>
Código	<b>IV20523</b>
Tipo (M / O / AC)	<b>AC</b>
Curso aconsellado	<b>2º</b>
Créditos totais	<b>1,5</b>
Horas totais de traballo da/o estudante	<b>37,5</b>
Cuadrimestral (especificar 1º/2º)	<b>2º</b>
Ámbito (H / T / XS / C /CS)	<b>H</b>

**Tipo:** M=materia, O=obradoiro e AC=actividade complementaria

**Ámbito:** H=humanidades, T=tecnolóxico, XS=xurídico social, C=científico e CS=ciencias da saúde

**I.1. Profesor: Miguel Antón Rodríguez Leborán**

**Profesor coordinador da materia: Miguel Antón Rodríguez Leborán**

Profesor	Créditos (especificar A, P ou V)	Horario titorías	Lugar de impartición	Lingua
Miguel Antón Rodríguez Leborán	1,5 A		Escola de Enxeñaría Forestal	Castelán

A = aula P = laboratorio V = viaxe de estudos

**I. 4. Coñecementos previos para cursar a materia**

**Teóricos:** nocións elementais de filosofía (non necesariamente).

**II.- ENCADRAMENTO DA MATERIA NO PROGRAMA**

Materia encadrada no Ciclo Intensivo do PUM-Pontevedra, aconséllase para o 2º curso, co fin de iniciar o alumnado nas liñas do pensamento contemporáneo, desde unha postura filosófica.

**III.- OBXECTIVOS XERAIS**

- Comprender as relacións entre pensamento e historia. Comprender, desde un punto de vista filosófico, o pensamento e a concepción do mundo e da realidade como procesos históricos.
- Acadar una postura crítica sobre as distintas formas de concibir a realidade e o mundo na actualidade. Achegarse a diferentes concepcións teóricas sobre a concepción da realidade e do mundo.
- Adquirir un vocabulario básico para elaborar pensamentos e discursos autónomos sobre a realidade e o mundo actual.
- Adquirir unha visión crítica e elaborada sobre a realidade.
- Achegarse a manexar textos filosóficos sobre as temáticas propostas.

**IV.- ADQUISICIÓN DE DESTREZAS E HABILIDADES**

Espérase do alumnado que:

- Participe nun debate aberto sobre os diferentes aspectos filosóficos abordados na materia.
- Coñeza aspectos e fitos claves do pensamento e da filosofía contemporáneos.
- Sexa capaz de elaborar pensamentos e discursos propios consistentes e fundamentados.
- Desenvolva unha reflexión crítica sobre o momento actual.

**V.- VOLUME DE TRABALLO**

Técnica	Horas presenciais aula	Horas presenciais fóra da aula	Factor de traballo do alumnado	de Horas de traballo persoal do alumnado	Horas totais do alumnado	Créditos
Clase maxistral	15		1.5	22,5	37,5	1,5
Prácticas						
Viaxe de estudos						
Exame						
<b>Total</b>					37,5	

## VI.- DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS

### Programa teórico

Tema	Contidos	Duración
1	Introdución á Modernidade. Debate sobre o devir da modernidade. Filosofía da “sospeita”: Marx, Nietzsche e Freud. A “escola de Frankfurt”	5
2	Postmodernidade: a fin dos grandes relatos.	1
3	“Modernidade líquida” e “hipermodernidade”.	1
4	Desconstrucción	2
5	Biopolítica	1
6	Existencialismo	1
7	Raciovitalismo	1
8	Estructuralismo	1
9	O neopositivismo lóxico e Wittgenstein	1

### Viaxes de estudo (se as houbera)

Tema	Contidos	Duración
		1

### Bibliografía básica

- ABBAGNANO, N.: Historia de la filosofía (volumes III-V).
- BAROJA, P.: El árbol de la ciencia.
- CRUZ, M.: Filosofía contemporánea.
- DERRIDA, J.: El animal que luego estoy si(gui)endo.
- FONTÁN, P.: Los existencialismos: claves para su comprensión
- LIPOVETSKY, G.: La felicidad paradójica.
- LYON, D.: La postmodernidad.
- MARCUSE, H.: Eros y civilización.
- NIETZSCHE, F.: El nacimiento de la tragedia.
- VILLACAÑAS, J. L.: Historia de la filosofía contemporánea.

## VII.- METODOLOXÍA

- **Clases maxistrals:**
  - Exposición de liñas argumentais sobre os contidos que pretendan dar resposta a problemas.

- Clase teórica aberta á participación e intervención do alumnado.
- Suxestión de debate.
- Recollida de datos polo alumnado.
- **Actividades individuais:**
  - Completar individualmente fichas moi simples.
- **Exame:**
  - Tipo test.

#### **VIII.- AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE**

Para avaliar esta materia sumaranse, de xeito desigual, tres aspectos: 1. Asistencia a clase; 2. Actividades de comprensión e seguimento; 3. Proba final. A asistencia activa e participativa a clase estará controlada nas follas de sinaturas, e permitiralle ao/á alumno/a superar a materia cunha cualificación final de ata un 7,00. As actividades de seguimento estarán guiadas polo profesor a través de fichas ou boletíns, requirirán un traballo mínimo ao longo do cuadrimestre, e permitirán que o/a alumno/a retome, reflexione e afonde sobre o exposto e debatido nas clases. A proba final (última sesión) será tipo test, e versará sobre contidos básicos dos expostos e debatidos na clase. Polo tanto, a cualificación final conformarase do seguinte xeito:

ASISTENCIA ACTIVA E PARTICIPATIVA	70 %
ACTIVIDADES DE COMPRENSIÓN E SEGUIMENTO	15 %
PROBA FINAL	15 %

#### **OBSERVACIÓNS**

Neste camiño desde “querer saber” a “saber”, conscientes do contexto universitario propio de PUM, qué dúbida cabe que nesta materia imos priorizar “querer saber” (filosofía) pero un querer saber en grupo (clase), polo tanto, ter elixido a materia e asistir con actitude activa e participativa. Logo, ademáis, ser quén de asimilar e pensar, de aí as actividades de comprensión e seguimento. Por último, “saber”.